

A complexidade ambiental

Enrique Leff

Director da Rede de Fomación Ambiental para America Latina e Caribe.PNUMA

Resumo

A análise da complexidade ambiental neste texto demárcase das visións da xeneratividade da physis, da ecoloxización da mente, das ciencias da complexidade e dos métodos interdisciplinarios e do pensamento complexo. A complexidade ambiental concíbese na perspectiva dunha crise do coñecemento, da obxectivación do mundo, da intervención do coñecemento sobre a natureza e a emerxencia de entes híbridos que desbordan o sentido tradicional da ontoloxía e a epistemoloxía. A racionalidade ambiental fórxase nun reencontro do real e do simbólico, na resignificación do mundo e da natureza, nunha armazón de relacións de otredad entre seres e nun diálogo de saberes, onde se reconfigura o ser, se reconstitúen as súas identidades e se forxan novos actores sociais nunha política da diferenza guiada por un desexo de saber e de xustiza na reapropiación social do mundo e da natureza.

Abstract

The approach to environmental complexity in this text dissociates itself from the notions of physis generativity, the ecologization of the mind, the sciences of complexity, interdisciplinary methods and complex thought. Environmental complexity is conceived from the perspective of a crisis of knowledge, the objectification of the world, the intervention of knowledge about nature, and the appearance of hybrid entities that go beyond the traditional meaning of ontology and epistemology. Environmental rationality is based on a new meeting of the real and the symbolic, on the resignification of the world and nature, on a network of relationships of otherness among beings, and on a dialogue of knowledge, where the being is reconfigured, its identities are reconstituted, and new social actors are created within a policy of difference guided by the desire for knowledge and justice in the social reappropriation of the world and nature.

Palavras chave

complexidade ambiental, crise do coñecemento, racionalidade, diálogo de saberes, ética da otredad, política da diferenza, futuro sustentable

Key-words

environmental complexity, crisis of knowledge, rationality, dialogue of knowledge, ethics of otherness, policy of difference, sustainable future

A crise ambiental do noso tempo é o signo dunha nova era histórica. Esta encrucillada civilizatoria é, ante todo, unha crise da racionalidade da modernidade e remite a un problema do coñecemento. A degradación ambiental é o resultado das formas de coñecemento a través das que a humanidade construíu o mundo e o destruíu pola súa pretensión de universalidade, de xeneralidade e de totalidade; pola súa obxectivación e pola cousificación do mundo. A crise ambiental non é unha catástrofe ecolóxica que irrompe no desenvolvemento dunha historia natural. Máis alá da evolución da materia desde o mundo cósmico cara á organización vivente, da emerxencia da linguaxe e da orde simbólica, a materia e o ser fixéronse complexos pola reflexión do coñecemento sobre o real.

A complexidade ambiental non emerxe simplemente da xeneratividade da *physis*, que emana dun mundo real e que se desenvolve desde a materia inerte até o coñecemento do mundo; non é a reflexión da natureza sobre a natureza, da vida sobre a vida, do coñecemento sobre o coñecemento, aínda nos sentidos metafóricos desta reflexión que fai vibrar o real coa forza da palabra que a denomina e da ciencia que a domina. A complexidade ambiental non se inscribe simplemente dentro do pensamento da complexidade ou das ciencias da complexidade que se refiren ao movemento do mundo obxectivo ou á dialéctica entre o obxectivo e o suxeito do

coñecemento. A complexidade ambiental é a reflexión do coñecemento sobre o real, o que leva a obxectivar o real e a intervalo, a complexizalo por un coñecemento que transforma o mundo a través das súas estratexias de coñecemento.

A complexidade ambiental non é, pois, a das relacións ecolóxicas, senón a complexidade do mundo tocado e trastornado polo coñecemento; remite a un saber sobre as formas de apropiación do mundo e da natureza a través das relacións de poder que se inscribiron nas formas dominantes de coñecemento. Desde alí ábrese o camiño que seguimos por este territorio desterrado das ciencias, para delinear, comprender e dar o seu lugar -o seu nome propio- á complexidade ambiental.

A cuestión ambiental, máis que unha problemática ecolóxica, é unha crise do pensamento e do entendemento, da ontoloxía e da epistemoloxía con que a civilización occidental comprendeu o ser, os entes e as cousas; da racionalidade científica e tecnolóxica con que foi dominada a natureza e economizado o mundo moderno; das relacións e interdependencias entre estes procesos materiais e simbólicos, naturais e tecnolóxicos. A racionalidade ambiental que nace desta crise abre unha nova comprensión do mundo, que incorpora o límite do real, a incompletitude do ser e a imposible totalización do coñecemento.

O saber ambiental asume a incerteza, o caos e o risco, que son, ao mesmo tempo, un efecto da aplicación do coñecemento que pretendía anulalos e, unha condición intrínseca do ser e o saber.

Se xa desde HEGEL e NIETZSCHE a non-verdade aparece no horizonte da verdade, a ciencia foi descubriendo as fallas do proxecto científico da modernidade, desde a irracionalidade do inconsciente (FREUD) e o principio de indeterminación (HEISENBERG), até o caos determinista, o encontro coa frecha do tempo e as estruturas disipativas (PRIGOGINE). O pensamento da complexidade e o saber ambiental integran a incerteza, a irracionalidade, a indeterminación e a posibilidade no campo do coñecemento.

A complexidade ambiental -do mundo e do pensamento- abre un novo debate entre a necesidade e a liberdade, entre o azar e a lei. É a reapertura da historia como complexización do mundo, desde o potencial ambiental cara á construción dun futuro sustentable posible na incerteza, a diversidade e a diferenza. Ante a idea dunha complexidade que habería de xerarse nunha retotalización do mundo, das disciplinas, dos saberes, a racionalidade ambiental pénsase como o devir dun ser non totalitario, que non só é máis que a suma das súas partes, senón que máis alá do real existente, se abre á fecundidade do infinito, ao porvir, ao que aínda non é nunha trama de procesos de significación

e de relacións de otredad. A epistemoloxía ambiental combate por esta vía ao totalitarismo da globalización económica e da unidade do coñecemento que dominan a racionalidade da modernidade.

A racionalidade dominante encobre a complexidade ambiental, a que irrompe desde a súa negación, desde os límites e a alienación do mundo economizado, arrastrado por un proceso incontrolable, entropizante e insustentable de produción. A crise ambiental leva a repensar a realidade, a entender as súas vías de complexización, o enlazamento da complexidade do ser e do pensamento, da razón e a paixón, da sensibilidade e a intelixibilidade, para desde alí abrir novas vías de saber e novos sentidos existenciais para a reconstrución do mundo e a reapropiación da natureza. Do poder represivo do coñecemento que instaura o iluminismo da razón -que fai explotar a potencia do átomo e do xen-, a racionalidade ambiental é a luz da paixón que ilumina a liberdade que emerxe da complexidade.

Máis que unha mirada holística da realidade ou un método interdisciplinario que articula múltiples visións e comprensións do mundo convocando diferentes disciplinas, a complexidade ambiental emerxe da reflexión do pensamento sobre a natureza; é o campo onde converxen diversas epistemoloxías, racionalidades e imaxinarios que transforman a natureza

e que abren a construción dun futuro sustentable. Deste xeito, a complexidade non se reduce ao reflexo dunha realidade complexa no pensamento, ao acoplamento da complexidade do real e o pensamento desa complexidade. Pensar a complexidade ambiental non se limita a comprender o curso da evolución “natural” da materia e do home cara ao mundo tecnificado e a orde económica global, como un devir intrínseco do ser; tampouco é simplemente o reencontro co real desde o coñecemento que emerxe como un recoñecemento, como unha conciencia ecolóxica do mundo.

A complexidade ambiental non é a que emerxe da evolución da *physis*, da organicidade complexa das relacións ecolóxicas e as súas retroalimentacións cibernéticas. A reflexión do coñecemento sobre o real xerou unha hiperrealidade, un mundo híbrido de materia, vida e tecnoloxía que xa non se reflicte no coñecemento. A transxénese é a manifestación da vida invadida pola ciencia e a tecnoloxía en que o devir non é cognoscible nin controlable pola ciencia. A complexidade ambiental xera un *hybris* que son as ramas do coñecemento que arraigan no real, que interveñen o real, que trastornan o real; son ramas de saberes que se fan raíces de identidade; son lanzas de coñecemento que vulneran e alteran o real até impedir toda posible relación de coñecemento.

O que caracteriza a relación do ser humano

co real e cos seus mundos de vida é a súa intermediación a través do saber. A historia é un produto da intervención do pensamento no mundo, non obra da natureza. A ecoloxía, a cibernética e a teoría de sistemas, antes de ser unha resposta a unha realidade complexa que os reclama, son a secuencia do pensamento metafísico que, desde a súa orixe, foi cómplice da xeneralidade e da totalidade. Como modo de pensar, estas teorías xeraron un modo de produción do mundo que, afín co ideal de universalidade e de unidade do pensamento, levaron á xeneralización dunha lei totalizadora e a unha racionalidade cousificadora do mundo da modernidade. É neste sentido que a lei do mercado, máis que representar na teoría a xeneralización do intercambio mercantil, produce a economización do mundo, a recodificación de todas as ordes do real e da existencia humana en termos de valores de mercado e inducendo a súa globalización como forma hexemónica e única do ser no mundo. Desde a perspectiva da orde simbólica que inaugura a linguaxe humana -do sentido e da significación, do inconsciente e do desexo-, resulta imposible aspirar a ningunha totalidade.

O saber que se forxa no crisol da complexidade ambiental marca o límite do pensamento unidimensional, da razón obxectivadora e cousificadora do mundo. A epistemoloxía ambiental procura así transcender ao pensamento da complexidade que se formula como

unha visión sobre as relacións de procesos, cousas, feitos, datos, variables e factores para superar o racionalismo e o relacionismo que pretende fundar o coñecemento como o vínculo de verdade entre o concepto e o real, á que se accede pola separación entre o suxeito e o obxecto de coñecemento. A fenomenoloxía de HUSSERL coa intencionalidade do ser e a ontoloxía existencial de HEIDEGGER desde o “ser no mundo”, rompen co imaxinario da representación e coa ilusión dunha ciencia capaz de extraerlle á facticidade da realidade a súa transparencia e a súa verdade absoluta. A racionalidade ambiental transcende mesmo a idea da representación como correspondencia entre os principios organizativos do coñecemento e os do mundo fenomenal, que virían a complexizar o principio de verdade como adecuación entre o espírito e a cousa. A relación ética de otredad confronta o proxecto epistemolóxico que pon por enriba a relación de identidade do concepto e a realidade, onde a experiencia humana queda subsumida á aplicación práctica, instrumental e utilitarista do coñecemento obxectivo.

O saber ambiental transcende a dicotomía entre o suxeito e o obxecto do coñecemento, ao recoñecer as potencialidades do real e ao incorporar identidades e valores culturais, así como as significacións subxectivas e sociais en saber. O saber ambiental transcende, así mesmo, o pensamento dunha realidade

fáctica e presente, a xeneratividade dun real imanente e ao devir dunha idea, proxectándose cara ao infinito do impensado -o por pensar e o que está por pensar - reconstituindo identidades diferenciadas en vías antagónicas de reapropiación significativa do mundo. A complexidade ambiental leva consigo, así, un reposicionamento do ser a través do saber.

A complexidade ambiental xera o inédito no encontro co outro, no enlazamento de seres diferentes e a diversificación das súas identidades. Na complexidade ambiental subxacen unha ontoloxía e unha ética opostas a todo principio de homoxeneidade, a todo coñecemento unitario, a todo pensamento global e totalizador. Abre unha política que vai alén das estratexias de disolución de diferenzas antagónicas nun campo común conducido por unha racionalidade comunicativa, rexido por un saber de fondo e baixo unha lei universal. A política ambiental leva á convivencia no disenso, na diferenza e na otredad.

No coñecemento do mundo -sobre o ser e as cousas, sobre as súas esencia e atributos, sobre as súas leis e as súas condicións de existencia-, en toda esa tematización ontolóxica e epistemolóxica, subxacen conceptos e nocións que deron fundamento ao coñecemento e que arraigaron tanto en paradigmas científicos como en saberes culturais e persoais.

Neste sentido, apreender a complexidade ambiental implica desconstruír o pensado para pensar ou para desentrañar o máis entrañable dos nosos saberes e para dar curso ao inédito, arriscándonos a desbancar as últimas certezas e a cuestionar o edificio da ciencia. Implica saber que o camiño en que imos acelerando o paso é unha carreira desenfreada cara a un abismo inevitable. Desde esta comprensión das causas epistemolóxicas da crise ambiental, a racionalidade ambiental susténtase na incerteza, no propósito de refundamentar saber sobre o mundo que vivimos desde o pensado na historia e o desexo de vida que se proxecta cara á construción de futuros inéditos a través do pensamento e da acción social.

O primeiro periplo da aventura epistemolóxica que percorre a emerxencia da complexidade ambiental produciuse co encontro da crise ambiental coa epistemoloxía nacida do racionalismo crítico francés -BACHELARD, CANGUILHEM- que cristaliza no estruturalismo teórico de Louis ALTHUSSER. Dentro desa perspectiva foi posible formular as condicións epistemolóxicas para pensar unha articulación das ciencias e para apreender a complexidade ambiental desde a multicausalidade de procesos de diferentes ordes de materialidade e os seus obxectos propios de coñecemento. Tratábase así de pensar as condicións epistemolóxicas dunha interdisciplinidade teórica, ao cuestionar as teorías e as metodoloxías

sistémicas que descoñecen os paradigmas das ciencias, os que establecen desde o seu obxecto e a súa estrutura de coñecemento os obstáculos epistemolóxicos e as condicións paradigmáticas para articularse con outras ciencias no campo das relacións sociedade-cultura-natureza.

O racionalismo crítico ofreceu as bases para cuestionar os enfoques emerxentes da interdisciplinidade, baseados nas teorías de sistemas, o holismo ecolóxico e o pensamento da complexidade. Mais iso habería de conducir a reflexión máis alén do campo de argumentación epistemolóxica para analizar as formacións teóricas e discursivas que atravesan o campo ambiental, para avaliar as súas estratexias conceptuais e para inscribilas na orde das estratexias de poder en saber. Deste xeito estableceuse un diálogo coas perspectivas abertas por Michel FOUCAULT que permitiu combater as ideoloxías teóricas que procuran ecoloxizar o coñecemento e refuncionalizar ao ambiente. De aí a epistemoloxía ambiental habería de permitir pensar o saber ambiental na orde dunha política da diversidade e da diferenza, rompendo o círculo unitario do proxecto positivista, para dar lugar aos saberes subxugados, para dilucidar a retórica do desenvolvemento sustentable e o proxecto de ambientalizar as ciencias; e para formular a construción dos conceptos necesarios para fundar unha nova racionalidade social.

O saber ambiental que de alí emerxe veu cuestionar o modelo da racionalidade dominante e fundamentar unha nova racionalidade (ambiental), que abre un feixe de matrices de racionalidade na diferenciación de valores e saberes que articulan as diferentes culturas coa natureza (as súas naturezas). Deste xeito, o saber ambiental vaise entretecendo na perspectiva dunha complexidade que desborda o campo do logos científico, abrindo un diálogo de saberes onde se confrontan diversas racionalidades, linguaxes e imaxinarios. A racionalidade ambiental como un proceso de construción social formula as condicións para internalizar o saber ambiental no campo das ciencias; mais sobre todo, o saber ambiental vai alimentando a construción dunha nova racionalidade.

O proxecto interdisciplinario que se funda na ecoloxía -como a ciencia por excelencia das interrelacións- e que se inspira o pensamento da complexidade -dunha ecoloxía xeneralizada- dentro da visión obxectivista da ciencia, mantivo a vontade totalitaria das ciencias pola vía da articulación de disciplinas e de campos de coñecemento, sen mirar os obstáculos paradigmáticos e os intereses disciplinarios que resisten e impiden esta vía de retotalización e de completitude. O pensamento da complexidade sucumbe ante o propósito de crear unha ciencia ambiental integradora e na pretensión de establecer un método para aprehender

as interrelacións, as interaccións e as interferencias entre sistemas heteroxéneos: unha ciencia transdisciplinaria superadora das disciplinas illadas.

A complexidade ambiental non remite a un todo -nin a unha teoría de sistemas, nin a un pensamento holístico multidimensional, nin á conxunción e á converxencia de miradas multirreferenciadas. É, pola contra, o desdobramento da relación do coñecemento co real que nunca acada totalidade ningunha, o que disloca, desborda e despraza a reflexión epistemolóxica desde o estruturalismo crítico até o reposicionamento do ser no mundo na súa relación co saber. A interdisciplinidade ábrese así cara a un diálogo de saberes no encontro de identidades conformadas por racionalidades e imaxinarios que configuran os referentes, os desexos e as vontades que mobilizan actores sociais; que desbordan a relación teórica entre o concepto e os procesos materiais cara a un encontro entre o real e o simbólico e un diálogo de saberes nunha relación de otredad e nunha política da diferenza na reapropiación social da natureza.

Máis alá do problema de internalizar a multicausalidade dos procesos a través da articulación de ciencias e da apertura das ciencias cara ao coñecemento non científico -unha hibridación entre ciencias, técnicas e saberes- a complexidade ambiental emerxe da sobre-obxectivación do mundo, da externalización do ser e

da produción dunha hiperrealidade que desborda toda comprensión e contención posibles pola acción dun suxeito, por unha teoría de sistemas, un diálogo interdisciplinario, unha ética ecolóxica ou unha moral solidaria.

A complexidade ambiental emerxe da hibridación de diversas ordes materiais e simbólicas que, ao estaren determinadas pola racionalidade científica e económica, xerou este mundo obxectivado e cousificado que se vai facendo resistente a todo coñecemento. Este proceso desencadea unha reacción en cadea que desborda todo posible control por medio dunha xestión científica do ambiente. Ao mesmo tempo, a complexidade ambiental abre o círculo das ciencias cara a un diálogo de saberes; proxecta a actualidade cara a un infinito onde o ser excede o campo de visibilidade da ciencia e da obxectivación do mundo na realidade presente.

O saber ambiental que xira no espazo de externalidade dos paradigmas de coñecemento “realmente existentes”, non é reintegrable ao logos científico, non é internalizable, se estendemos e se expandimos o campo da racionalidade científica até os confíns dos saberes marxinais, normalizándoos, matematiszándoos, capitalizándoos. A problemática teórica que formula a complexidade ambiental non é a da historicidade dun devir científico que avanza rompendo obstáculos epistemolóxicos e desprazando

o lugar da verdade cara a unha infinita exteriorización, senón a do saber ambiental que desde fóra problematiza os principios da lóxica do desenvolvemento científico e a súa pretendida correspondencia co real e de control da realidade.

O saber ambiental produce un cambio de episteme: non é o desprazamento do estruturalismo cara a unha ecoloxía xeneralizada e un pensamento complexo que abren novas vías para comprender a complexidade da realidade, senón cara á relación entre o ser e o saber. A apreensión do real desde o coñecemento ábrese cara a unha indagatoria das estratexias de poder no saber que orientan a apropiación subxectiva, social e cultural da natureza. Desde alí fórmulanse novas perspectivas de comprensión e apropiación do mundo a partir do ser do suxeito, da identidade cultural e das relacións de otredad que non se subsumen na xeneralidade do concepto e na ipseidade do eu, senón que se dan nunha política da diferenza. Máis alá da volta ao ser, que libera a potencia do real, do “ser que deixa ser aos entes”, o saber ambiental abre un xogo infinito de relacións de otredad que nunca acadan de completarse nin de totalizarse dentro dun sistema de coñecementos ou de reintegrarse nun pensamento holístico.

Desde alí ábrese unha vía hermenéutica de comprensión da historia do coñecemento que desencadeou a crise ambiental e, para a construción dun saber dunha

complexidade ambiental que, máis alá de toda ontoloxía e de toda epistemoloxía, indaga sobre a complexidade emerxente na hibridación dos procesos ónticos cos procesos científico-tecnolóxicos; da reinvención de identidades culturais, do diálogo de saberes e a reconstitución do ser a través do saber. O saber ambiental constrúese en relación cos seus impensables -coa creación do novo, a indeterminación do determinado, a posibilidade do ser e a potencia do real -o que é descoñecido por ser carente de positividade, de visibilidade, de empiricidade- na reflexión do pensamento sobre o xa pensado, na apertura do ser no seu devir, na súa relación co infinito, no horizonte do posible e do que aínda non é. Emerxe así un novo saber, constrúese unha nova racionalidade e ábrese a historia cara a un futuro sustentable.

Non obstante, o saber que emerxe e o diálogo de saberes que convoca a complexidade ambiental non é un relaxamento do réxime disciplinario na orde do coñecemento para dar lugar á alianza de lóxicas antinómicas, a unha personalización subxectiva e individualizada do coñecemento, a un xogo indiferenciado de linguaxes, ou ao consumo masificado de coñecementos, capaces de cohabitar coas súas significacións, polisemias e contradicións. O saber ambiental fórxase no encontro (enfrentamento, antagonismo, entrecruzamento, hibridación ou complementación) de saberes constituídos por

matrices de racionalidade-identidade-sentido que responden a diferentes estratexias de poder pola apropiación do mundo e da natureza.

Máis alá do construtivismo que mira a realidade a través dun exercicio de reflexión e unha práctica orientada á súa transformación, que pon en xogo diferentes “visións” e “comprensións” do mundo (convocando diferentes disciplinas e cosmovisións), a complexidade ambiental é o campo en que as formas do coñecemento e os procesos de aprehensión cognoscitiva do real, transforman o propio real, que ao mesmo tempo constrúe e destrúe a realidade. A complexidade ambiental é o espazo onde converxen diferentes miradas e linguaxes sobre o real que se constrúen a través de epistemoloxías, racionalidades e imaxinarios, é dicir, pola reflexión do pensamento sobre a natureza.

O ser, a identidade e a otredad formulan novos principios e novas perspectivas de comprensión do mundo e de apropiación do mundo. O ambiente nunca chega a internalizarse no sistema, no paradigma de coñecemento nunha relación ecolóxica entre o ser cognoscente e a súa realidade circundante, nun principio hologramático en que o coñecemento estaría contido no real que o xera. A ontoloxía heideggeriana pensa o ser que está nas profundidades do ente e a ética levinasiana abre a cuestión do ser ao pensar o que excede o ser, o

que está antes, por enriba e máis alá do ser: aquilo que se produce na relación de otredad. A ética toma supremacía sobre a ontoloxía e a epistemoloxía. Ese é o camiño da infinita exteriorización do ambiente.

A complexidade non pode suplantar o misterio da vida. Non podemos reducir a un complexus o plexus-nexus-sexus do erotismo humano e a erotización do saber. A racionalidade ambiental fórxase nesta relación de otredad en que o encontro cara-a-cara se traslada á otredad de saber e do coñecemento, alí onde emerxe a complexidade ambiental como unha armazón de relacións de alteridade (non sistematizables), onde se reconfigura o ser e a súa identidade, e onde se abre a un máis alá do pensable, guiado polo desexo insaciable de saber e de vida, a través da renovación dos significados do mundo e os sentidos da existencia.

O diálogo de saberes emerxe na proliferación e o cruzamento de identidades na complexidade ambiental. É a apertura do ser constituído pola súa historia cara ao inédito e o impensado; cara a unha utopía arraigada no ser e no real, construída desde os potenciais da natureza e os sentidos da cultura. O ser, máis alá da súa condición existencial xeral e xenérica, penetra no sentido das identidades colectivas que se constitúen sempre no crisol da diversidade cultural e nunha política da diferenza, mobilizando os actores sociais cara á construción de

estratexias alternativas de reapropiación da natureza nun campo conflictivo de poder en que se despregan os sentidos antagónicos da sustentabilidade.

A hibridación do ser, a reinvencción das identidades, o reposicionamento do suxeito no mundo -nun mundo máis alá de toda esencia, unidade, totalidade, universalidade-, cambia o xeito de pensar, de ver e de actuar no mundo. Non só significa unha nova mirada das interrelacións das cousas e procesos do mundo guiados polo pensamento da complexidade. É un cambio nas propias relacións, en que incluímos as relacións de poder que as constitúen como cousas para ser apropiadas nos mundos de vida. E, se ben eses cambios de mirada se dan na filosofía e se actúan nos novos escenarios políticos, o campo educativo non podería subtraerse e eses cambios de época: non para normalizar as condutas e as miradas, senón para formar os seres humanos, ou para deixar que se formen dentro desta nova perspectiva histórica. Este novo pensamento e esta nova ética, que actúan no laboratorio da vida, deben ser vividos no campo da educación. Isto haberá de levar a repensar o sentido do proceso educativo na formación do ser humano do noso tempo e do seu futuro, o que significa ensinar e aprender, o que implica a palabra educere, como un deixar ser ao ser, nesta encrucillada que atravesa o cambio de época da civilización moderna cara á posmodernidade.

A racionalidade ambiental abre a complexidade do mundo ao posible, ao poder ser, ao porvir. Esta possibilidade non é soa a potencia do real, dunha *physis* que vai xerándose, desenvolvéndose e evolucionando até facer emerxer a conciencia e o coñecemento que se volven sobre o real para transparentalo, controlalo e conducir o seu destino. O posible é a potencia da utopía, do lugar que nace do desexo de ser; e ese emerxe das entrañas da linguaxe, do humano habitado pola linguaxe, da forza simbólica que se engrena coa materia, coa vida para recreala, para guiar a potencia do real cara a un poder ser desexado, imaxinado, promovido. Non é o real despregándose, ou autoxerándose, senón o encontro do real e o simbólico guiado pola significancia da linguaxe, que transcende o propio coñecemento, que está alén do ser.

A complexidade ambiental leva a pensar a dialéctica social nunha perspectiva non esencialista, non positivista, non obxectivista e non racionalista; non para caer nun relativismo ontolóxico, senón para pensar a diferenza -máis alá da diferenza e da separación do obxecto e o suxeito- desde a diferenciación do ser no mundo pola vía do saber. A dialéctica da complexidade ambiental desprázase do terreo ontolóxico e metodolóxico cara a un terreo ético e cara ao campo dos intereses antagónicos pola apropiación da natureza; un espazo onde calquera totalidade é concibida como un conxunto de relacións

de poder constituído por valores e sentidos diferenciados.

A epistemoloxía ambiental chega, así, ao porto que está do outro lado do inicio do seu percorrido. A complexidade ambiental configúrase no horizonte da otredad. É unha viraxe da ontoloxía e da epistemoloxía, saturados da relación de obxectividade entre “eu” e iso, entre o concepto e a cousa, cara á emancipación do coñecemento a través da recuperación e do primado da relación ética da otredad. A racionalidade ambiental fórxase nesta relación en que a otredad entre seres se traslada cara á otredad de saber e do coñecemento, alí onde emerxe a complexidade ambiental como unha armazón de relacións de alteridade, onde se reconfigura o ser e as súas identidades, guiado polo desexo de saber e de xustiza na reapropiación social do mundo e da natureza.



Guiné-Bissau 2006/07

© Brigida Rocha Brito